

 Seminario Galán.org



*San Camacho Oller*

4º Educación primaria


Día das letras galegas 2020

**ACTIVIDADES  
EDUCACIÓN PRIMARIA**

**AGORA**

**A CIDADE**

**4º**



**SEMINARIOS RICARDO CARVALHO CALERO  
LETRAS GALEGAS 2020**

## RICARDO CARVALHO CALERO

## 4º EP

Ricardo Carvalho Calero naceu en Ferrol (A Coruña), o 30 de outubro de 1910. Era o fillo maior de M.<sup>a</sup> Dolores e Gabriel Ricardo que tiveron cinco fillos máis.

Ricardo realizou os seus primeiros estudos nunha escola da rúa Magdalena e noutra escola dirixida polo escritor Manuel Comellas, as dúas de Ferrol. Fixo o bacharelato por libre e os estudos universitarios en Compostela.

Foi membro do Seminario de Estudos Galegos, onde coincidiu con Castelao, Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas...

Colaborou en moitas revistas galegas: *A Nosa Terra*, *Nós*, *Guión*, *Galiza*, *Resol*, *Universitarios*, *Papel de Color*... e é autor de libros de investigación sobre a nosa literatura e o noso idioma.


En 1965 incorporouse ao Instituto Rosalía de Castro de Santiago e como profesor contratado á universidade compostelá, da que se converteu no seu primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega.

Defendeu a postura de que a lingua galega é unha variedade da lingua portuguesa.


É autor de *Gramática elemental del gallego común* e de obras de teatro, poesía e novela.

Ingresou na Real Academia Galega (RAG) o 17 de maio de 1958 e o seu discurso tratou sobre Rosalía de Castro.

Pola súa defensa do idioma galego e da nosa cultura, a RAG dedícalle este ano o Día das Letras Galegas.



RICARDO CARVALHO



**GRAMÁTICA ELEMENTAL DEL GALLEGO COMÚN**, PUBLICADO EN 1966, VAI DIRIXIDA AO PROFESORADO E AO ALUMNADO DA SÚA FACULTADE.

## ACTIVIDADES BIOGRAFÍA CARVALHO CALERO 4º ED. PRIMARIA

1.- Cal é a data de nacemento de Ricardo Carvalho Calero?

---

2.- En que cidade galega estudou o bacharelato?

---

3.- Cal é o nome do instituto compostelán no que foi profesor?

---

4.- En que data ingresou na Real Academia Galega?

---

5.- Risca as dúas oracións verdadeiras sobre a biografía do autor e escribe correctamente as dúas falsas.

Defendeu a postura de que a lingua galega é unha variedade da lingua portuguesa.

Traballou nun xornal galego.

Foi membro do Seminario de Traballos Galegos.

É autor de *Gramática Elemental del Gallego Común*.




---



---

6.- Ricardo Carvalho coincidiu con grandes personaxes da literatura galega. Atopa os seus nomes na sopa de letras.



**CASTELAO  
CUEVILLAS  
RISCO  
FRAGUAS  
LOSADA  
FILGUEIRA  
OTERO  
NOVAS**

X	B	C	O	M	Z	V	L	F
C	A	S	T	E	L	A	O	I
U	C	V	E	M	F	Z	S	L
E	L	N	R	L	R	C	A	G
V	P	N	O	V	A	S	D	U
I	V	X	M	Z	G	B	A	E
L	R	C	L	P	U	T	N	I
L	X	B	Z	L	A	N	U	R
A	N	P	R	I	S	C	O	A
S	B	X	M	L	Z	C	X	V

7.- Pasou a maior parte da súa vida en Ferrol, pero logo comezou os estudos universitarios noutra cidade galega. Une as sílabas tónicas de cada palabra e descubre o nome desa cidade.

<b>PÓSTUMO</b>	<b>COMBA</b>	<b>AFIALAPIS</b>	<b>APOTEMA</b>

8.- Resolve o encrucillado.

<b>1</b>				<b>R</b>				
<b>2</b>				<b>I</b>				
			<b>3</b>	<b>C</b>				
<b>4</b>				<b>A</b>				
			<b>5</b>	<b>R</b>				
			<b>6</b>	<b>D</b>				
		<b>7</b>		<b>O</b>				



**HORIZONTALAIS**

- 1.- Provincia de nacemento.
- 2.- Nome de seu pai.
- 3.- Apelido do director da súa escola.
- 4.- Nome da rúa ferrolá onde estaba a súa escola.
- 5.- Unha das revistas nas que colaborou Ricardo.
- 6.- Nome da súa nai.
- 7.- Nome da poetisa sobre a que fixo o seu discurso de ingreso na RAG.

1.-A CORUÑA 2.-GABRIEL 3.-COMELLAS 4.-MADALENA 5.-RESOL 6.-DOLORES 7.-ROSALÍA

9.- Ricardo Carvalho dicía que a lingua galega era unha variante da lingua portuguesa. Relaciona os nomes das dúas columnas.

<b>fiestra</b>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<b>telhado</b>
<b>galiña</b>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<b>janela</b>
<b>ancián</b>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<b>chuva</b>
<b>choiva</b>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<b>galinha</b>
<b>tellado</b>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<b>velhote</b>


# ACTIVIDADES

## 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

### **AGORA**

Verdadeiramente, a cidade medrou moito desde que a deixara. Hai novas barriadas, novas fábricas, novas igrexas. Hai tranvía e automóbiles. O murallón estendeuse máis. Se quero ver o mar desde a súa orela, xa non podo dispor senón dun oco, un só peirao. Hai moitos cines. Xa non hai ingleses. Xa non hai capela evanxélica. Os días de festa xa non escintilan os deslumbrantes uniformes. Oficiais e soldados visten agora doutro xeito, máis sinxelo, máis esvaído. Choeuse o cemiterio vello, no alto da cidade. A nova necrópole está lonxe, e hai que tomar o autobús se se quere visitar, como non se dispoña de vehículo propio.

**RICARDO CARVALHO CALERO**



## AGORA

1.- Escribe preguntas relacionadas co texto para estas respostas.

1

- A cidade.

2

- O murallón.

3

- En autobús.

4

- Doutro xeito, máis sinxelo, máis esvaído.

2.- Na cidade que describe Ricardo Carvalho Calero podo moverme en tranvía ou en automóbil. De que outros medios de transporte dispós na túa localidade para poder desprazarte?

---

---

3.- Da relación de medios de transporte do texto, cales pensas que son menos contaminantes?

---

---



4.- Se estiveches atento á lectura do texto, non che será difícil completar estas oracións.

<b>vehículo   ingleses   autobús   fábricas   necrópole   cines   capela barriadas   igrexas</b>
------------------------------------------------------------------------------------------------------

Hai novas \_\_\_\_\_, novas \_\_\_\_\_, novas \_\_\_\_\_.

Hai moitos \_\_\_\_\_. Xa non hai \_\_\_\_\_. Xa non hai \_\_\_\_\_ evanxélica.

A nova \_\_\_\_\_ está lonxe, e hai que tomar o \_\_\_\_\_ se se quere visitar, como non se dispoña de \_\_\_\_\_ propio.

5.- Agora que estamos vendo tanta xente desprazándose en patinete, por onde cres que deberían circular, pola rúa ou pola beirarrúa? Por que?

---

---

6.- Ricardo Carvalho, o autor do texto, describe algúns cambios que sufriu a súa cidade. Fai unha descrición do lugar no que ti vives (nome, situación, tamaño, cousas que hai ou non hai, cousas que che gustaría que houboese ou non houboese...).


---

---

---

---

7.- Podes atopar as oito diferenzas entre estes dous debuxos?



8.- Nas cidades hai moitas maneiras de desprazarse. Busca neste caldo de letras algúns medios de transporte.

TRANVÍA METRO AUTOBÚS BICICLETA PATINETE MOTO COCHE

T	V	S	B	I	C	I	C	L	E	T	A
R	G	D	Z	C	S	M	O	T	O	Z	X
A	M	E	T	R	O	D	C	H	L	F	Ñ
N	C	P	P	R	F	G	H	T	E	P	H
V	S	P	A	T	I	N	E	T	E	V	G
I	X	V	H	A	U	T	O	B	U	S	Z
A	U	T	O	B	U	S	I	L	D	L	F



9.- Observa esta entrada de cine, completa, localiza o cartel do filme en internet e cópiao.

<b>MULTICINES ANCORADOIRO</b>		
Rúa As Laxas, s/n      LOURO-MUROS (A Coruña)		
<b><u>O QUE ARDE</u></b>		
Sala	Sesión	Data
<b>03</b>	<b>19:15</b>	<b>17-05-20</b>
PATIO		
Fila:	<b>09</b>	Butaca: <b>10</b>
011 PVP. 7,70 EUROS 10205900052		
IMP. INCL. 7% / CIF: 56345214		









- ▶ Cal é o título da película? \_\_\_\_\_
- ▶ Cal é a data da proxección? \_\_\_\_\_
- ▶ A que hora? \_\_\_\_\_
- ▶ En que sala? \_\_\_\_\_
- ▶ En que fila? \_\_\_\_\_
- ▶ Como se chama o cine? \_\_\_\_\_
- ▶ En que localidade está? \_\_\_\_\_
- ▶ En que butaca vas ver a película? \_\_\_\_\_
- ▶ Canto pagaches pola entrada? \_\_\_\_\_

10.- A entrada do cine custa 7,70 euros. Os luns, día do espectador, custa 5,90 euros. Se vou o luns, cantos cartos aforro?

Se o venres imos catro persoas, canto pagaremos en total?


E se ese venres pago con dous billetes de 20 euros, canto me devolven?

11.- O euro, a libra, o ien e o dólar teñen un símbolo. Localízao e debúxao ao lado de cada un.

			
			
<b>DÓLAR</b>	<b>IEN</b>	<b>LIBRA</b>	<b>EURO</b>

The diagram shows four currency symbols in boxes at the top: Euro (€), Pound (£), Dollar (\$), and Yen (¥). Below them are four empty boxes for drawing the symbols. At the bottom are four labels: DÓLAR, IEN, LIBRA, and EURO. Lines connect the symbols to the labels: Euro to EURO, Pound to LIBRA, Dollar to DÓLAR, and Yen to IEN.

12.- No texto fálanos Ricardo Carvalho de oficiais con escintilantes uniformes. Cando chega o Entroido podémonos disfrazar de diferentes profesións. Resolve o encrucillado para ver algunhas delas.












### HORIZONTAIS

- 1.- Muller que viaxa polo espazo exterior.
- 2.- Persoa que atende e fai curas aos enfermos e enfermas.
- 3.- Persoa que ten por misión facer cumprir as normas.
- 4.- Especialista en informática.
- 5.- Pode ser dun avión, dun coche, dunha moto...
- 6.- Home experto no oficio da mariñería.
- 7.- Membro do exército.
- 8.- Muller que apaga os lumes.

1.- ASTRÓNATA 2.- ENFERMEIRA 3.- POLICIA 4.- AZAFATA 5.- PILOTO  
6.- MARINEIRO 7.- MILITAR 8.- BOMBEIRA

13.- Nas fábricas transfórmanse as materias primas en produtos elaborados. Relaciona co debuxo correspondente e engade ti un máis.

14.- O censo dunha vila ou cidade é o que nos di a súa poboación actual. Saberías dicir que censo é o que se corresponde con cada unha destas localidades?

**MADRID**

**244.850 hab.**

**A CORUÑA**

**1.175 hab.**

**CAMARIÑAS**

**5.322 hab.**


**LOURO**

**3.223.334 hab.**

## A CIDADE

Primeiro fora unha pequena vila de pescadores, de balcóns pintados de azul: con tabernas, rúas estreitas e un pazo. Logo, o despotismo ilustrado tendeu novas e longas rúas paralelas cortadas por outras rúas paralelas, todas da mesma anchura, e numerou os rúos. Así xurdiu o centro da cidade, como un taboleiro de xadrez, con casas de tres pisos e galerías brancas. Fícaron abranguidas varias aldeas. A cidade estendíase de leste a oeste, á beira do mar. De sur a norte ficaba a costa. A xente paseaba de leste a oeste. Os estaleiros e os arsenais ficaban afastados da vila por un murallón e estorbábanlle á cidade as vistas ao mar. Só por tres puntos o atinxían os que non formaban parte da mariña de guerra ou non traballaban nas construcións navais. Só por tres puntos: tres peiraos.

**RICARDO CARVALHO CALERO**



# ACTIVIDADES 4º ED. PRIMARIA

## *A CIDADE*

1.- Como eran as rúas da cidade?

---

2.- As rúas da cidade parecían o taboleiro dun xogo. Cal?

---

3.- Que dúas construcións estorbaban á cidade as vistas ao mar?

---

4.- Que fora este lugar antes de ser cidade?

---

5.- Como paseaba a xente?

---

6.- Como eran as rúas ao primeiro?

---

7.- Cantos pisos tiñan as casas?

---

8.- Onde se situaban os estaleiros e os arsenais?

---

9.- Que ficaba de sur a norte?

---

10.- De que cor estaban pintados os balcóns?

---




11.- Debuxa unha paisaxe costeira.




12.- A cidade xurdiu como un taboleiro de xadrez; o xadrez é un xogo moi popular en todo o mundo. En Galicia hai moitos xogos tradicionais aos que xogaban os nosos pais e avós. Localiza nesta sopa de letras seis destes xogos.

BUXAINA ACOCHO TIRO DA CORDA MARIOLA PITA CEGA ZANCOS



13.- Sobre este plano indica cara onde ten que ir este rapaz para chegar aos lugares, indicando o seu punto cardinal.



- A oficina de correos está ao \_\_\_\_\_ do neno.
- O banco está ao \_\_\_\_\_ do neno.
- O hospital está ao \_\_\_\_\_ do neno.
- O supermercado está ao \_\_\_\_\_ do neno.
- A farmacia está ao \_\_\_\_\_ do neno.
- A comisaría está ao \_\_\_\_\_ do neno.
- Os bombeiros están ao \_\_\_\_\_ do neno.
- A biblioteca está ao \_\_\_\_\_ do neno.

14.- Serías quen de clasificar estes lugares?

LUGO VERÍN PONTE MACEIRA VIGO BETANZOS LOURO  
PONTEAREAS BELESAR ANLLÓNS OURENSE NOIA FERROL

CIDADE	VILA	ALDEA
L	V	P M
V	B	L
O	P	B
F	N	A

15.- Os números que sinalan os rueiros son moi útiles para atopar unha vivenda nunha gran cidade. Pescuda cal dos seguintes é o número da casa de Clara. Coloréao. Axúdate das pistas.

-O número que representa as unidades é maior que o das decenas.

-A suma de todos os seus díxitos é 9.

-É múltiplo de 2 e de 3.

84

162

54

126

76

11

72

98


16.- Localiza na sopa de letras os termos do recadro.

VILA CASA ESTALEIRO RÚA ALDEA CIDADE

Z	C	M	V	C	N	A	L	X	Ñ	F	B	H
X	V	I	L	A	M	L	C	V	L	G	C	N
V	G	Z	Ñ	S	H	D	F	C	B	M	I	X
C	E	S	T	A	L	E	I	R	O	V	D	M
L	N	C	Z	B	H	A	Ñ	U	X	M	A	G
V	Ñ	D	M	L	F	Z	C	A	B	N	D	X
N	X	B	G	H	Z	V	D	Ñ	L	C	E	M

17.- Sitúa estes portos mariñeiros onde lles corresponde.

VIGO MUROS COMBARRO CEDEIRA MALPICA BURELA  
RIBEIRA O GROVE A CORUÑA



18.- Que camiño ten que percorrer Xan para chegar á praia?  
Fai as operacións que se indican e colorea no recadro os resultados.

$$\begin{array}{r} 325 \\ - 223 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 355 \\ \times 5 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 261 \\ + 428 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 609 \\ + 243 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 167 \\ \times 9 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 278 \\ + 125 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 563 \\ \times 7 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 803 \\ - 202 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 441 \\ + 345 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 655 \\ - 232 \\ \hline \end{array}$$

19.- Sabes xogar ao xadrez? Só tes que facer os movementos do cabalo, en forma de **L**, e descubrirás o nome da escritora homenaxeada no primeiro Día das Letras Galegas.

<b>RO</b>	<b>MA</b>	<b>RA</b>	<b>PA</b>	<b>FO</b>	<b>HU</b>
<b>SE</b>	<b>DI</b>	<b>FI</b>	<b>TA</b>	<b>SE</b>	<b>DO</b>
<b>HA</b>	<b>SA</b>	<b>E</b>	<b>RE</b>	<b>DE</b>	<b>XA</b>
<b>TU</b>	<b>XI</b>	<b>SE</b>	<b>U</b>	<b>PE</b>	<b>RU</b>
<b>FA</b>	<b>A</b>	<b>LÍ</b>	<b>XE</b>	<b>HE</b>	<b>O</b>
<b>SO</b>	<b>HI</b>	<b>AM</b>	<b>RO</b>	<b>DU</b>	<b>TRO</b>
<b>PO</b>	<b>A</b>	<b>FE</b>	<b>PI</b>	<b>FU</b>	<b>PU</b>
<b>RI</b>	<b>TO</b>	<b>TE</b>	<b>SU</b>	<b>CAS</b>	<b>ZA</b>
<b>DA</b>	<b>HO</b>	<b>DE</b>	<b>E</b>	<b>TI</b>	<b>MA</b>

Rosalía de Castro

20.- Fíxate ben nas seguintes letras e sepáraas correctamente, eliminando as pares, unha si, outra non... Atoparás unha oración do texto de Ricardo Carvalho Calero.

**Dmecs nus rta en sob rcta et fr inci am bla care moz svtnas.**

---